

Estudar, nin que sexa superficialmente, a vida de Fernando de Aragón en relación a Isabel de Castela e a confederación conxugal de cadanseu reino, deixa en evidencia que a continuidade de tal unión tivo a ver máis ao azar biolóxico que a unha vontade política previa (malia a intuición teimosa do rei aragonés). E abundando no asunto, á morte da monarca castelá herdouna a súa filla Xoana, polo cal Fernando deixou de ser rei de Castela. E no caso que o seu marido Filipe non morera, terido sido rei dunha Castela novamente independente; e se Xoán, o fillo que Fernando houbo con Xermana de Foix, tivese sobrevivido, sería herdeiro da coroa aragonesa, á marxe de Castela. A unidade produciuse, polo tanto, porque só había un herdeiro de ambos dous reinos, Carlos, e Fernando decidiu por vía testamentaria.

A ignorancia á mantenta de todas estas circunstancias levou á simplificación do mito dos Reis Católicos como forxadores dunha suposta unidade nacional española. Un reduccionismo que nos séculos inmediatos salientou –por pulsión masculina– a figura de Fernando pero que, coa hexemonía castelanista imposta na corte de Madrid, pasou a preferir a Isabel á hora de escribir a historia de España. Unha ignorancia que esqueceu as súas limitacións culturais (nin os monarcas nin a chancelaría castelá falaban o escribían latín, por exemplo).

A hexemonía castelanista impuxo a figura da raíña Isabel

Unha perspectiva que persiste acriticamente no Estado democrático e que nega a suposta igualdade entre Isabel e Fernando (baseada na falsificación daquel mítico “tanto monta, monta tanto” que, en realidade era o lema heráldico do aragonés, “tanto monta”, referido á superación do nó gordiano). Agora que se cumpren cinco séculos da morte de Fernando de Aragón, podemos observar a diferenza de tratamento. Abonda para soste que aínda é así a serie de TVE *Isabel* (e mais a actual secuela) ou a di-



Fernando de Aragón (1452-1516).

O rei esquecido

500 anos de Fernando “o Católico”

JOAQUIM VENTURA

ferenza de tratamento que observaron as instancias gobernamentais cara a cadanseu quinto centenario (en 2004, a FNMT emitiu un selo e moedas conmemorativas; por parte do ministerio houbo unha Comisión Nacional Quinto Centenario de Isabel, agora limitada –malia manter as mesmas vantaxes fiscais– a Aragón verbo de Fernando).

O esquecemento do rei aragonés ten o seu correlato no campo editorial. Un baleiro compensado pola obra de Henry Kamen *Fernando el Católico* (Esfera de los Libros) de recente

aparición. O hispanista británico reconece que o seu traballo non pasa de ser un manual para o gran público e vindica a necesidade dunha gran biografía que sitúe a auténtica dimensión do rei aragonés.

Kamen sitúa o reinado de Fernando e Isabel nun cambio de época pero sen que deixasen de seren uns monarcas medievais. Malia iso, entre outras novidades foron pioneiros en establecer legacións diplomáticas. De igual xeito, a presenza aragonesa no sur de Italia, a anexión de Navarra e a recuperación do Rosellón deron as liñas

mestras da política española nos séculos seguintes: contención do expansionismo francés por terra e do imperio otomán no Mediterráneo. Por iso os eloxios de Maquiavelo, profundamente antifrancés, cando salientou que a presenza española en Nápoles non tiña condición de forza ocupante.

Asuntos máis complicados –aínda hoxe– son as consecuencias humanas da guerra de Granada e da expulsión dos xudeus e a presenza da Inquisición, a única institución cuxo dominio estaba por riba das coroas castelá e aragonesa. Con todo, a lenda de Isabel e Fernando –apunta tamén Kamen– non sería allea á circunstancia de seren os derradeiros reis “españóis”: nos séculos vindeiros nin a nobreza nin o pobo consideraron como propios nin aos Habsburgo nin aos Borbóns, preocupados moitas veces máis polos conflitos dinásticos que polo interese xeral.



A rendición de Granada por Francisco Padilla y Ortiz (1882).

O primeiro en salientar a figura de Fernando o Católico foi Baltasar Gracián (*El Político*, 1640) cando comezaba a ser esquecido. Malia o xesuíta aragonés, seguiu así durante séculos. Máis aínda cando a introspección mística castelanista de raíz unamoniá preferiu a parella Isabel de Castela e Cardeal Cisneros (que pasou ao FE de las JONS).

Sen embargo, despois da Gue-

rra Civil o falanxismo aragonés vindicou a figura de Fernando II. Fronte ao mito isabelino da España imperial, os falanxistas de Ara-

Zaragoza en 1969.

Por contra, o rei aragonés non sempre foi considerado polas historiografías catalá e valenciana

Vindicación aragonesa

gón ergueron a figura dun “monarca hiératico e viril”, sinala Gustavo Alares. Unha proposta que callou serodiamante na escultura de Juan de Ávalos, colocada en

(os respectivos gobernos ignoraron os seis séculos do Compromiso de Caspe (1412) e agora o centenario de Fernando II). Así e todo, o o anterior goberno autonó-

mico aragonés, presidido polo PP ergueu a figura do monarca católico o ano pasado (sen esperar ao centenario) cun discurso hispanista enfrontado ao catalanismo independentista. A exposición incorporaba como lema “o rei que imaxinou España e a abriu a Europa”, malia o cal non podía agochar os vínculos que o monarca tivo coa lingua catalá (a principal do reino) e cos territorios onde se falaba e se fala.